REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 13.12.2017 Hora: 10:30

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
05 DEC. 2017
Núm. 6161

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 13 de decembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 17361 (10/CPC-000029)
Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participacíón e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 182, do 27.09.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 12891 (10/POC-002197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio e os datos necesarios para a análise das necesidades de medios e personal, así como a instalación do Servizo de Hemodinámica 24 horas no HULA
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

2.2 19884 (10/POC-003248)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2017 para a concesión das prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos, o tempo medio de espera para o pagamento destas axudas nos últimos anos e a opinión do Goberno galego respecto da súa axilización, así como o establecemento para o futuro da obriga de ditar resolución expresa para todas as solicitudes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017

2.3 20324 (10/POC-003301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
05 DEC. 2017
Núm. 6161

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado no Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander para evitar a destrución dos postos de traballo, así como a avaliación das súas consecuencias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez, na data 05/12/2017 13:24:07

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.12.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 17361(10/CPC-000029)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da Sra. directora xeral de Xuventude, Participacíón e Voluntariado, por petición propia, para informar sobre a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2017

Publicación da iniciativa, 182, 27.09.2017

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
25 SET. 2017
Núm. 17361

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
25 SET. 2017
SAIDA
Num. 786

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia –a petición propia- ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para informar sobre **"a programación levada a cabo por esta dirección ao longo do ano 2017".**

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 13.12.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.12.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 12891(10/POC-002197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 4 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación en que se atopa o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio e os datos necesarios para a análise das necesidades de medios e personal, así como a instalación do Servizo de Hemodinámica 24 horas no HULA

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 12:04
Nº Rexistro: 12891
Data envio: 20/07/2017 12:04:16.423

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Luis Manuel Alvarez Martínez, José Antonio Quiroga Díaz, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Dende a posta en funcionamento do Hospital Universitario Lucus Augusti en febreiro de 2011, os socialistas presentamos múltiples iniciativas nesta Cámara solicitando que a Xunta de Galicia cumpra as promesas feitas publicamente polo presidente Feijoo de dotar do Servizo de Hemodinámica 24 horas ao hospital. Ás iniciativas políticas súmase a presentación dunha ILP firmada por máis de 41.000 cidadáns e cidadás coa mesma petición e que o PP baleirou de contido.

O Servizo de Hemodinámica, fundamental para salvar vida aos e ás pacientes de infarto agudo de miocardio, segue a ter un horario de oficina, de 9 a 15 horas e 5 días a semana. Os socialistas demostramos en múltiples ocasións con datos estatísticos moi claros e coas opinións e criterios dos e das especialistas en cardioloxía, que a provincia de Lugo necesita un Servizo de Hemodinámica 24 horas. Pero sempre que presentamos esta xusta reivindicación, tanto os sucesivos conselleiros como os voceiros do PP, dicían que era necesario coñecer os datos do rexistro galego do Infarto Agudo de Miocardio, cuxa creación formalizouse coa publicación no DOG en maio de 2015.

Segundo se explicou sempre polos representantes do PP e da Consellería de Sanidade, este rexistro proporcionaría os datos necesarios para unha planificación dos recursos materias e humanos destinados a atención ao infarto, e que co análise destes datos a consellería e o PP decidirían se Lugo necesitaba Hemodinámica 24 horas, todo elo a pesar de todos os datos estatísticos e criterios de expertos que afirman esta necesidade.

Deste rexistro a Consellería de Sanidade presentou en marzo de 2016 os datos de seis meses do ano 2015, que xa demostraban que había diferenzas

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 12:04
Nº Rexistro: 12891
Data envio: 20/07/2017 12:04:16.423

moi notables de tempo de atención aos infartados entre as distintas áreas sanitarias, sendo en Lugo onde máis tardaba superándose con moito os límites admitidos.

A pesar de elo, a consellería afirmou que non había datos suficientes para ter conclusións claras e que era necesario continuar co rexistro. De isto fai un ano e medio e nada volvemos saber do rexistro, nin dos datos, nin das conclusións.

Semella, que de novo o Goberno de Feijoo está buscando escusas e tentando confundir á cidadanía para non cumprir as promesas feitas de instalar Hemodinámica 24 horas e mentres tanto, os e as lucenses seguen a ter un servizo moi deficiente despois de tres da tarde ou en fins de semana, onde teñen menos posibilidades de conservar a vida ou non ter secuelas importantes.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que situación se atopa o Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio?
2. Cóntase xa cos datos necesarios para analizar as necesidades de medios e persoal para ter unha mellor asistencia ao infarto de miocardio en Lugo e Ourense?
3. Realizouse o análise dos datos? Se non o fixeron, cal é a causa?
4. Por que non sabemos nada deste proceso dende marzo de 2016
5. Vai a Consellería de Sanidade a instalar Hemodinámica 24 horas no HULA?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2017

Asdo.: Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
José Antonio Quiroga Díaz
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 12:04
Nº Rexistro: 12891
Data envio: 20/07/2017 12:04:16.423

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/07/2017 11:57:46

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 20/07/2017 11:57:51

José Antonio Quiroga Díaz na data 20/07/2017 11:57:56

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2017 11:58:00

Noela Blanco Rodríguez na data 20/07/2017 11:58:05

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.12.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 19884(10/POC-003248)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 3 de abril de 2017 para a concesión das prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos, o tempo medio de espera para o pagamento destas axudas nos últimos anos e a opinión do Goberno galego respecto da súa axilización, así como o establecemento para o futuro da obriga de ditar resolución expresa para todas as solicitudes

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 19884
Data envio: 07/11/2017 19:59:20.180

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

O 3 de abril de 2017 publicouse no DOG a Orde pola que "se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2017."

Esta axuda, regulada na Lei de Orzamentos do ano 2017, consiste nun pago de 360 euros pola primeira filla ou fillo, de 1.200 euros pola segunda ou segundo e de 2.400 euros polo terceiro e sucesivos, para aquelas familias, que durante 2015 non estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF nin que a presentasen de xeito voluntario, e que a 1 de xaneiro tiveran ao cargo a fillos/as menores de 3 anos que cumprirán os seguintes requisitos:

a) Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que non quede acreditada a dita circunstancia pola presentación do xustificante de empadroamento, poderáselles requirir para que presenten documentación complementaria que o demostre.

b) Que na data da solicitude os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante.

O prazo para resolver estas axudas é "de cinco meses contado desde o día seguinte ao da data en que a solicitude teña entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 19884
Data envio: 07/11/2017 19:59:20.180

"Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes teranse por desestimadas."

Estamos a falar de familias con baixos ingresos, que viven cinco meses coa incertidume de saber se van recibir ou non a axuda. Ademais, en moitos casos, estas familias deixaron de presentar voluntariamente a declaración da renda, que lles podía saír a devolver, por ter unha pequena axuda que, para elas, significa un respaldo para o pago de facturas.

Por outra parte, moitas familias ás que se lle concedeu a axuda, denuncian que, pasados cinco meses xa do fin do prazo de solicitudes, non se lles informa sobre cando van cobrar ou díselles unha data aproximada que logo non se cumpre e na Consellería de Política Social non se lles fornece información ante as súas peticións.

Esta situación de atrasos no pagamento das axudas non só se produciu neste ano 2017.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cantas "prestacións económicas de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos" están resoltas favorablemente neste ano 2017? Cantas delas están pendentes de pago?

2. Que tempo medio de agarda existe no pago destas axudas nos últimos anos?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 09:30
Nº Rexistro: 19884
Data envio: 07/11/2017 19:59:20.180

GRUPO PARLAMENTAR en marea

3. Por que a Xunta non informa ás familias pendentes do pago sobre cando van cobrar?

4. Non considera a Xunta que se debe cambiar a orde en sucesivos anos para que se teña que ditar sempre resolución expresa para todas as solicitudes presentadas?

5. Non considera a Xunta que é xusto que se axilice o pago destas axudas?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/11/2017 19:56:57

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 13.12.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 20324(10/POC-003301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as previstas polo Goberno galego en relación co expediente de regulación de emprego presentado no Grupo Popular-Pastor e Banco de Santander para evitar a destrución dos postos de traballo, así como a avaliación das súas consecuencias

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envio: 16/11/2017 17:32:34.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as medidas a adoptar diante do expediente de regulación de emprego no Grupo Banco Popular-Pastor e Santander.

O Grupo Popular- Pastor e Banco Santander veñen de presentar un expediente de regulación de emprego que afectará a máis de 2.000 persoas no conxunto do Estado, a pretensión e desfacerse de 1.585 traballadores e traballadoras, e pasar a 575 persoas do Popular a subcontratas do Santander.. En Galiza as persoas afectadas poden ser arredor de 200 entre as dúas entidades e outras 200 de empresas auxiliares do grupo.

Este ERE ven a sumarse ao levado a cabo polo Banco Popular-Pastor no 2016. Cando o Banco Pastor foi adquirido en 2011 polo Bando Popular, tiña en Galiza 4.100 traballadores/as e 588 oficinas, e representaba arredor do 18% do mercado financeiro galego. A absorción supuxo xa naquel entón, como ten de denunciado o cadro de persoal do banco a través dun intenso calendario de mobilizacións, unha verdadeira operación de liquidación dunha entidade financeira galega, das máis importantes en termos de volume de negocio, número de traballadoras e traballadores e rede de oficinas. Con todo a operación recibiu todo apoio do Goberno galego en mans do Partido Popular, acorde coa súa actuación continúa de exercer de delegados do poder.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envio: 16/11/2017 17:32:34.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras a compra hai uns meses do Banco Popular por parte do Santander, polo prezo simbólico dun euro, pretenden dar outro golpe de graza. O sistema financeiro, máis unha vez, pretende buscar maiores beneficios a conta de deixar tirad@s a traballadores e traballadoras.

Este novo ERE significa continuar co proceso de "reestruturación" do sector financeiro, co obxectivo de concentrar e centralizar a toma de decisións, un proceso ao que se destinaron máis de 60.000 millóns de euros de fondos públicos, dos que o Bando de España ven de recoñecer que só se van recuperar unha mínima parte. Para Galiza este proceso ten nefastas consecuencias, perda de capacidade e decisión financeira, exclusión dunha parte importante da poboación do mesmo e a perda de centos de postos de traballo.

Este ERE é cualificado de innecesario e inxustificado por parte d@s representantes d@s traballadores/as, toda vez que teñen que realizar sistematicamente prolongacións de xornada. Resulta indecente que o Grupo Santander veña de declarar millóns de euros de beneficios e ao tempo bote xente á rúa.

Estamos de novo diante dun proceso de destrución de emprego, e de perda de capacidade financeira, de novo a expensas do que decidan en Madrid, en base aos seus intereses e nos aos de Galiza.

O BNG súmase á preocupación d@s traballadores e traballadoras por este ERE, mais tamén pola situación futura do persoal da rede do grupo bancario, porque todo evidencia que este é un banzo no proceso descrito, mais non o final.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envio: 16/11/2017 17:32:34.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas as razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que actuacións ten realizado o Goberno galego diante o ERE presentado no Grupo Banco Popular- Pastor e Santander., que pode supoñer a perda de arredor de 400 postos de traballo en Galiza?

-Ten avaliado o Goberno galego as consecuencias deste ERE ?

-Ten recibido información deste ERE, por parte dos responsábeis da entidade bancaria?

-Vai involucrarse o Goberno galego para impedir unha nova destrución de postos de traballo no sector financeiro galego?

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 20324
Data envio: 16/11/2017 17:32:34.998

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/11/2017 17:28:55

Ana Pontón Mondelo na data 16/11/2017 17:29:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/11/2017 17:29:02

Olalla Rodil Fernández na data 16/11/2017 17:29:03

Noa Presas Bergantiños na data 16/11/2017 17:29:05

Xosé Luis Bará Torres na data 16/11/2017 17:29:07